

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de setembro de 2015

ASISTENTES:
Membros

Excmo. Sr. Alcalde
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Angel Rivas González.

Invitados

D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día dezasete de setembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1071).- MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE ORDENANZA FISCAL XERAL PARA O ANO 2016 E DESESTIMACIÓN DO CUESTIONAMENTO DA LEGALIDADE DOS PROXECTOS APROBADOS POLA XGL DO 28/08/2015.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta a técnica xurídica de Dirección de Ingresos, de 11.09.15, conformado pola directora de Ingresos, o interventor xeral e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o 28/08/15 aprobou os Proxectos de Modificación das seguintes Ordenanzas Fiscais:

- 1) ordenanza fiscal xeral
- 2) ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles
- 3) ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica
- 4) ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas
- 5) ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que entenda a administración do concello ou a dos seus organismos autónomos, a instancia de parte
- 6) ordenanza fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos
- 7) ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo
- 8) ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais
- 9) ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais

II.- Remitidos os proxectos aprobados aos grupos políticos en aplicación do disposto no Regulamento Orgánico do Pleno, foron presentadas propostas de emendas polos Grupos Municipais do Partido Popular e Marea de Vigo.

III.- O escrito presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular (documento 150112851) inclúe, adicionalmente a cuestións de oportunidade, o cuestionamento da legalidade das actualizacións aprobadas, por canto, ao seu entender, infrinxen o preceptuado pola Lei 2/2015 de desindexación da economía española.

IV.- Segundo instrucións do Sr. Concelleiro da Área propónse, atendendo a criterios de oportunidade, modificar o artigo 41.3 e incorporarlle un apartado 4 na Ordenanza Fiscal Xeral e, atendendo a criterios de legalidade, desestimar o contido da emenda relativo ao incumprimento da Lei 2/2015.

V.- Cómpre efectuar proposta á Xunta de Goberno Local, con carácter previo a someter a aprobación provisional polo Pleno do Concello de Vigo os Proxectos aprobados pola Xunta de Goberno Local e ditaminados polo Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- É competencia da Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, a aprobación dos Proxectos de Modificación das Ordenanzas.

Segundo.- Procede desestimar a alegación referida á posible ilegalidade das actualizacións de cotas contidas nos proxectos de modificación de ordenanzas fiscais aprobados, por incumprimento do disposto na Lei 2/2015 de 31 de marzo, de desindexación da economía española (en adiante LDX), toda vez que:

- As taxas e impostos locais son figuras de natureza tributaria (artigo 2.1.b) do TRLRFL) e en materia de tributación local, a aplicación da LDX ten que cohonestarse necesariamente co sistema de fontes do ordenamento tributario establecido no artigo 7.1 da LXT, que dispón que os tributos se rexerán por:

a) a Constitución

b) polos tratados ou convenios internacionais, que conteñan cláusulas de natureza tributaria e, en particular, polos convenios para evitar a dobre imposición, nos termos establecidos no artigo 96 da Constitución.

c) polas normas que dite a Unión Europea e outros organismos internacionais ou supranacionais aos que se atribúa o exercicio de competencias en materia tributaria de conformidade co artigo 93 da Constitución.

d) por esta Lei, polas Leis reguladoras de cada tributo e polas demais leis que conteñan disposicións en materia tributaria.

e) polas disposicións regulamentarias ditadas en desenvolvemento das anteriores e especificamente no ámbito tributario local, polas correspondentes ordenanzas fiscais.

- Atendendo a este precepto e concretamente ao parágrafo d) citado, os tributos locais réxense pola LXT, polo TRLRFL (lei reguladora destes tributos) e polas demais leis que conteñan disposicións en materia tributaria. A aplicación do principio de que a lei especial prevalece sobre a lei xeral supón que o texto normativo de cabeceira na tributación local é o TRLRFL, que respecto das taxas por prestación de servizos fixa como límite o importe real o previsible do servizo ou actividade de que se trate e respecto dos impostos fixa uns tipos impositivos máximos e mínimos que teñen que ser respectados nas correspondentes ordenanzas fiscais.

- Os proxectos de ordenanzas fiscais aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 28/08/2015 cumpren plenamente as esixencias establecidas no TRLRFL, que unicamente viuse afectado pola LDX nun aspecto meramente formal, a través da súa Disposición Final Cuarta, que se refire só ao artigo 25 do TRLRFL (non ao artigo 24.2) no senso de suprimir o disposto nos dous últimos parágrafos que permitían, ata o 1 de abril de 2015, adoptar "acordos de revalorización e actualización de carácter xeral nas taxas, sen acompañar informe técnico-económico".

- Dase pleno cumprimento ao artigo 25, na súa nova redacción, nos proxectos de modificación de ordenanzas fiscais para 2016 que caen no seu ámbito, porque contan todos eles con informes técnico-económicos que xustifican as actualizacións aprobadas. Constatado o cumprimento da taxa de cobertura, como se pon de manifesto nos correspondentes informes técnico-económicos, a magnitude que serve de referencia para levar a cabo a actualización é irrelevante.

Terceiro.- Considerando este asunto dende a perspectiva da LDX, ésta non prohibe a utilización de índices, senón a "utilización automática". O que fai é limitar -que non prohibir- a "indexación" definida no Preámbulo como "práctica que permite modificar (aplicando índices de xeito automático) os valores monetarios das variables económicas, de acordo coa variación dun índice de prezos ao longo dun período".

O único suposto do TRLRFL no que se permitía a aplicación de índices de xeito automático (indexación) -nunca utilizado no Concello de Vigo porque sempre se acompañan de estudo económico as variacións de tarifas de taxas e prezos públicos- era o que figuraba no artigo 25, agora modificado na disposición final cuarta da LDX .

Logo, no restante articulado do TRLRFL --cuxo cumprimento é escrupuloso nos proxectos de modificación aprobados pola Xunta de Goberno Local o 28 de agosto pasado-- non hai ningún suposto de "indexación". Pois, "indexar" é aplicar un índice de forma automática, práctica que, ata agora estaba estendida e que a LDX trata de erradicar. Sen embargo, a LDX, ao prohibir a "indexación" non está prohibindo a utilización de índices, o que si proscribe é que aqueles poidan ser utilizados de "forma automática". Pero si cabe a súa utilización no estudo de custes.

Así, o artigo 4 da LDX está adicado a regular a revisión periódica predeterminada porque, estima o lexislador no Preámbulo que "Nalgúns casos será indispensable que os valores monetarios de certas relacións xurídicas se modifiquen de forma recorrente en atención ao custe das materias primas e doutros factores e permite que nestes casos se aprobe un réxime de revisión periódica, sempre que a evolución dos custes o requira".

O artigo 3.2. da LDX exclúe expresamente do ámbito desta lei a negociación colectiva, pensións e operacións financeiras porque, aínda sendo ámbitos nos que a práctica indexadora está moi estendida, non considera oportuno o seu tratamento neste texto legal. O feito de que o ámbito tributario non se mencione neste precepto obedece a que este sector do ordenamento xurídico ten o seu propio sistema de fontes (artigo 7 LXT).

Por último, reiterase que non é sinónimo de indexación (aplicación automática de índices) a utilización daqueles como elementos de referencia para modular tipos impositivos ou tarifas de taxas.

Conclúese pois, que os proxectos de modificación obxecto do presente informe-proposta, aprobados en sesión da Xunta de Goberno Local de 28 de agosto, están plenamente axustados ao disposto no TRLRFL, neles non hai "práctica indexadora" porque a utilización de índices acomódase rigorosamente ao disposto no TRLRFL, mesmo ao artigo 25 nos términos vixentes dende 1 de abril de 2015.

En consecuencia, e previa remisión á Intervención Xeral ós efectos oportunos, formúlase á Xunta de Goberno Local a presente

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 41.3 do Proxecto de modificación da Ordenanza fiscal xeral para o 2016, e incorporar un apartado 4 cuxa redacción queda nos seguintes termos:

"3. Os criterios xerais para a concesión de adiamentos e fraccionamentos son:

- As débedas de 400,00 a 1.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de tres meses ou tres mensualidades.
- As débedas de 1.000,01 a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de seis meses ou mensualidades.
- As débedas de importe superior a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de doce meses ou mensualidades.

Só excepcionalmente se aprazarán ou fraccionarán débedas de contía inferior a 400 euros ou por prazos superiores aos previstos neste artigo. En particular, aprazaranse ou fraccionaranse as débedas tributarias de contía inferior a 400 euros ou por prazos, superiores aos previstos, entre outros, nos seguintes supostos:

- a) Cando a persoa debedora non teña ningunha fonte de ingresos durante un mínimo de seis meses.
- b) Cando a persoa debedora sexa desempregada de longa duración.
- c) Cando a persoa debedora teña unha renda inferior a dúas veces o Indicador de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

De cumprirse algún dos supostos a), b) ou c) anteriores e resultar favorable a resolución aprobatoria do aprazamento ou fraccionamento, este concederáse polos prazos e períodos solicitados, e, como máximo, 12 meses.

Para o caso de que o debedor non puidese facer fronte a algún dos prazos aprobados na súa data de vencemento, deberá poñelo en coñecemento, por escrito, diante da Recadación municipal, a efectos da aplicación, se fose o caso, do disposto no artigo 73 bis desta Ordenanza.

4. Cando o debedor teña a condición de administración pública e a contía da súa débeda se estime que poida afectar significativamente ó cumprimento dos seus propios fins, o Concello poderá, previa solicitude e xustificación, conceder un aprazamento excepcional tanto en período voluntario como en período executivo, coa excepción prevista no artigo 46.1.b) do RXR. O prazo do aprazamento non terá os límites previstos no apartado 3. deste artigo e será avaliado, en cada caso, ao teor das circunstancias e da contía da débeda.

De darse as circunstancias indicadas, estas administracións quedarán exentas de constitución de garantías

Para o cálculo dos xuros do aprazamento e para a tramitación do expediente seguirase o procedemento regulamentado no RXR así como nos artigos 41 a 45 da presente Ordenanza”

SEGUNDO.- Manter os restantes Proxectos de modificación de ordenanzas fiscais para o 2016 nos mesmos termos que os aprobados en sesión do 28/08/2015, desestimando o cuestionamento de legalidade formulado na emenda do Grupo Municipal do PP en documento 150112851 en relación coa Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, con fundamento na motivación que antecede.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo aos voceiros dos Grupos Municipais e ao Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo para a emisión de Ditame e posterior inclusión na orde do día do Pleno.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

2(1072).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE, PARA ALLEAMENTO DE 220 VEHÍCULOS. EXPTE. 5276/241.

Visto o informe xurídico do 4.08.14 e o informe de fiscalización do 14.09.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 5.08.15, conformado polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 21 de abril de 2015, o xefe do Parque Móbil comunica ó servizo de contratación a necesidade de allear para chatarra os seguintes elementos:

- *Motocicleta, matrícula 7879-FFR, cun peso de 135 kgs.*
- *Furgón-N. Patrol, matrícula PO-9133-AB, cun peso de 1.925 kgs.*
- *Camión Trade, matrícula PO-7028-AD, cun peso de 3.260 kgs.*
- *Furgón Trade, matrícula PO-7830-AF, cun peso de 2.040 kgs.*
- *Furgoneta Trade, matrícula PO-1277-AH, cun peso de 1.860 kgs.*
- *Camión Cisterna, matrícula 2251-BVZ, cun peso de 6.200 kgs.*
- *Furgón Trade, matrícula PO-6751-AM, cun peso de 2.400 kgs.*

Segundo.- En data 11 de xuño de 2015, o xefe de área de Seguridade e Transportes remite escrito ó servizo de contratación indicando a necesidade do alleamento de 220 vehículos para chatarra que se atopan no depósito municipal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. A orde de inicio do expediente foi asinada polos concelleiros delegados de Seguridade-Mobidade e de Contratación con data 24 de xuño de 2015, en virtude do Decreto de Delegación de data 19 de xuño de 2015.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do servizo de Contratación.

No presente caso, dado que se trata de un alleamento de residuos para chatarra non procede a redacción dun prego de prescricións técnicas particulares.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o negociado con publicidade e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 109 do TRLCSP.

Cuarto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 TRRL e no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo, en data 4 de agosto de 2015, informe favorable ó expediente de contratación.

Quinto.- No artigo 109.3 do TRLCSP se establece que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito. No entanto, o presente contrato non xera custe económico directo para a Administración municipal por canto será o Concello o que reciba o prezo do alleamento destes residuos.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento negociado con publicidade para o alleamento de 220 vehículos depositados na avenida de Madrid e diversos vehículos procedentes do parque móbil municipal, central de servizos, de data 29 de xullo de 2015.

2º. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1073).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE UN OPERADOR INFORMÁTICO, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. EXPEDIENTE NÚM.: 26984/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.09.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 3.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 4 de marzo de 2015, o Xefe de Administración Electrónica solicita a incorporación de un Operador Informático para o seu servizo, á vista da baixa laboral de longa duración e por xubilación de dous Operadores e para que permita dar cobertura á actual carga de traballo existente no mesmo, como é a atención directa aos usuarios de equipos informáticos dado o gran número destes.

O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto de Alcaldía e Acordo da XGL de 19/06/2015), a través de instrución de servizo de data 26 de agosto de 2015, autoriza o nomeamento interino de un Operador Informático por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo referenciado, nos termos da solicitude do seu Xefe de Servizo de data 4 de marzo de 2015, da lista de substitución existente da última convocatoria de Operador Informático correspondente a oferta de emprego público executada.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionario/a de carreira de unha praza de Operador Informático, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 30 de novembro de 2011 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionario/a de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura un único aspirante que, a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasa a formar parte dunha

lista de substitucións aos efectos de poder ser nomeado/a ou contratado/a como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a lista derivada da execución da Oferta de Emprego Público 2008, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como Operador Informático do único aspirante D. ABRAHAM VICENTE RODRÍGUEZ, DNI 76.909.190-L, que aceptou expresamente o mesmo, significándose así mesmo que o interesado acreditou neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto D. Abraham Vicente Rodríguez, non prestou servizos nesta Administración como Operador Informático (art. 10.1.d) do EBEP, polo que está en condicións de ser nomeado.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral."

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ao nomeamento proposto en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que o citado candidato superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de unha praza de Operador informático na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como é o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

"O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

- b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*
- c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*
- d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*
- e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*
- f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*
- g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) Protección da salubridade pública.*
- k) Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do Concello.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 11.473,98 €, e imputaríase con cargo a partida 920.0.140.00.00 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de un funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Operador Informático, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Administración Electrónica, contidas no escrito de data 4 de marzo de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 11.473,98€, (correspondendo a cantidade de 6.693,16 € ao presente exercicio orzamentario e 4.783,82 € ao vindeiro exercicio 2016), con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 do vixente orzamento prorrogado para o presente ano, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear funcionario interino por acumulación de tarefas como Operador Informático, por un período máximo de seis meses, á D. ABRAHAM VICENTE RODRÍGUEZ, DNI 76.909.190-L, único aspirante que superou tódolos exercicios na última convocatoria para a provisión de unha praza de Operador Informático, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais das mesmas e, no disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

Terceiro.- Dispoñer que o nomeamento indicado realizaranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 124-Operador/a Informática, sendo adscrito ao Servizo de Administración Electrónica (cód. 113).

Cuarto.- Establecer que a xornada laboral do funcionario nomeado desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1074).- BASES REITORAS DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS (ART. 34 DO VIXENTE ACORDO REGULADOR). EXPEDIENTE NÚM.: 26986/220.

Visto o informe de fiscalización do 1.09.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*A vista do Informe da Intervención Xeral de data 01/09/2015 que, no seu apartado de conclusión fai referencia a necesaria incorporación do modelo normalizado de solicitude así como a convocatoria das axudas para fins culturais e deportivos para o exercicio 2015, unha vez solicitada a Comisión de Cultura e Deportes a subsanación de ditos extremos e aportados os mesmos por esta, procedese a reformulación da proposta polo que, verificado o axuste das bases propostas pola Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos ao establecido no art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, propónse ao órgano municipal competente -Xunta de Goberno Local, ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***

“Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos, de data 25/08/2015, en consecuencia, aprobar as Bases reitoras do Fondo para fins Culturais e Deportivos, que figuran no Anexo I desta proposta, o modelo normalizado de solicitude, que figura como Anexo II así como a convocatoria das axudas para fins culturais e deportivos para o exercicio 2015, segundo o disposto no art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo. O importe máximo destinado a ditas axudas será de 6010.12€ , con cargo a aplicación orzamentaria 92001620400 “Actividades Culturais e Deportivas” do vixente orzamento prorrogado para o ano 2015.

Segundo.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos e Comité de Persoal.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos

artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REITORAS DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS (ART. 34 DO VIXENTE ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS DOS TRABALLADORES AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO).

FINALIDADE DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS

A finalidade das axudas é desenvolvemento de actividades de carácter deportivo e/ou cultural para o conxunto do persoal municipal, dacordo co art. 34 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

CONDICIÓNS XERAIS

As axudas comprenderán todo tipo de iniciativas ou accións de carácter cultural ou deportivo, levados a cabo individualmente ou por colectivos, sempre en representación do Concello de Vigo e recoñecidas polo mesmo.

A convocatoria será difundida entre o persoal municipal para coñecemento, mediante a inserción de anuncios nos taboleiros municipais e na intranet do Concello.

BENEFICIARIOS DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS

Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no art. 34 do Acordo Regulador o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o persoal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días dende a aprobación desta convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases.

–Xunto coa solicitude, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarase na sede física da Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais (comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarase a/ao solicitante.

–Documentación :

- Impreso de solicitude das Axudas para Fins culturais e deportivos.
- Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01-10-2014 ata o 30-09-2015, no que debe constar o aboamento da mesma.

- *Acreditación do tipo de actividade cultural ou deportiva e de que son desenvoltas en representación do Concello de Vigo.*
- *No caso de colectivos, sinalar representante e nome dos membros que o compoñen así como máximo dous suplentes. No caso dos equipos de deportes individuais relacionarase todos os componentes do mesmo.*
- *Certificación bancaria da conta na que se realizara o aboamento, a nome do solicitante o representante do colectivo.*
- *Outras que se consideren imprescindibles para xustificar a axuda.*

–A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requerida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indebidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión das Axudas para fins culturais e deportivos, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

4.- PROCEDIMENTO E RESOLUCIÓN.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais, contabilizará o número de solicitudes procedendo ao seu estudo e cualificación e formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos Para comporbar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais poderá requerir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

A Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais publicará nos taboleiros do Concello e na intranet a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 10 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

b) Unha vez rematado o prazo e resoltas as posibles reclamacións, a Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais determinará a contía da axuda as conceder a cada unha das solicitudes recibidas. O importe do crédito destinado as axudas dividirase entre o número total de participantes nas actividades culturais e deportivas, de xeito que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

O Presidente da Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais remitirá proposta debidamente motivada e xustificada ao Servizo de Recursos Humanos, aos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.

O prazo máximo para resolver as solicitudes O O prazo máximo para resolver as solicitudes será dun mes, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

ANEXO II CONVOCATORIA

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS ANO 2015

Dacordo as Bases reitoras das axudas para fins culturais e deportivos (art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do concello de

vigo), aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data (Expediente 26986-220), ábrese o prazo para a presentación de solicitudes de axudas para Fins Culturais e Deportivos .

Crédito Orzamentario:

92001620400 Actividades Culturais e Deportivas Importe 6010.12 €

Prazo:

Inicio: Fin: (30 días a partires da data de aprobacion pola Xunta de Goberno Local)

Lugar de Presentacion:

Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais (comité de persoal 5º andar)

Documentacion requerida:

Impreso de solicitude das Axudas para Fins culturais e deportivos, que se atopa adisposicion dos empregados municipais nas instalacions do Comité de Persoal (5º andar)

Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01-10-2014 ata o 30-09-2015, no que debe constar o aboamento da mesma.

Acreditación do tipo de actividade cultural ou deportiva e de que son desenvoltas en representación do Concello de Vigo.

No caso de colectivos, sinalar representante e nome dos membros que o compoñen así como máximo dous suplentes. No caso dos equipos de deportes individuais relacionaranse todos os componentes do mesmo.

Certificacion bancaria da conta na que se realizara o aboamento, a nome do solicitante o representante do colectivo.

5(1075).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “REPARACIÓNS DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA DE SAN GREGORIO). EXPTE. 3095/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 8.09.15, conforma polo concelleiro delegado de dita Área e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- *Antecedentes*

A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, presenta o proxecto de “REPARACIÓNS DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA SAN GREGORIO), redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS VILAR MONTORO e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO, D. ÁLVARO CRESPO CASAL e o ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, D. JORGE MUÑOZ RAMA, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E OITO MIL SETECENTOS CINCO EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (98.705,63 €).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexirán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto

refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. O Libro II do TRLCSP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- *Elaboración do proxecto.* O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Vilar Montoro da empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA en data agosto 2015.

En orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa redacción.

O proxecto formula a reparación das zonas danadas de xeito discontinua do firme da rúa Tomás Alonso, procedendo á substitución das zonas afectadas. De maneira xeral procederáse a fresar ou demoler as zonas con desperfectos, cortando en trazos rectos con radial seu perímetro.

Nas zonas onde a base esté afectada, se procederá a súa demolición e escavación do terreo ata unha profundidade aproximada dun (1) metro; uns 50 centímetros do recheo será con solo material seleccionado compactado ao 95 % do proctor modificado ou ao 100 % do proctor normal, en tongadas non superiores de 30 centímetros. Sobre esta capa estenderase unha capa de 25 centímetros de espesor de zahorra artificial debidamente compactada e na cota superior desta estenderase unha soleira de formigón HM-20 con fibras de polipropileno de 25 cm de espesor, formando as súas correspondentes xuntas tanto a de dilatación como a de construción. Finalmente está prevista unha capa de rodadura a base dunha mestura bituminosa en quente tipo AC Surf 50/70 de 7 cm de espesor con seu correspondente rego de imprimación e adherencia.

Nas zonas onde non esté afectada a base, só se fresará a superficie do aglomerado asfáltico, ata un máximo de 7 cm de espesor e se repoñerá a capa de rodadura coas características xa mencionadas.

Por último mencionar que o proxecto contempla a instalación dunha tubería de drenaxe de 150 milímetros de diámetro envolto en xeotéxtil e grava, coa correspondente conexión aos pozos de rexistro de pluviais.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS MESES.

Terceiro.- *Supervisión do proxecto.* Unha vez redactado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os proxectos de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.

Consta no expediente informe facultativo do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, D. Jorge Muñoz Rama de data 3 de setembro de 2015.

Cuarto.- *Fiscalización.* O artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.

Por isto o expediente debe ser remitido á Intevención Xeral por si, pola súa natureza, considérase necesario informalo previamente a sometelo a coñecemento e resolución da Xunta de Goberno Local.

Quinto.- *Aprobación do proxecto e órgano competente.* De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- *Replanteo do proxecto.* Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

1º.- Aprobar o proxecto "REPARACIÓNS DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA SAN GREGORIO), redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS VILAR MONTORO e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO, D. ÁLVARO CRESPO CASAL e o ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, D. JORGE MUÑOZ RAMA, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E OITO MIL SETECENTOS CINCO EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (98.705,63 €) e un prazo de execución de DOUS meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1076).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR INTERPARKING HISPANIA, S.A., POR GASTOS DE FUNCIONAMENTO E XESTIÓN DO APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL, MAIO E XUÑO DO 2015. EXPTE. 731/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.09.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do

10.08.15, conformado pola concelleira-delegada de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos, que di o seguinte:

En base ao disposto no Decreto de Delegación de competencias ditado pola Alcaldía na data de xuño de 2015, inclúense competencias en materia de aparcamentos públicos na Area de Transportes, polo que remítense a este servizo as facturas presentadas por Interparking Hispania SA polos servizos de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da praza de Portugal. Ditas facturas así como o expediente que orixina as mesmas, con anterioridade eran xestionadas na Area de mobilidade, transportes e seguridade .

ANTECEDENTES : Consultados os antecedentes obrantes nos servizos municipais comprobouse o seguinte :

Ante a finalización da concesión para a xestión do parking sito no subsolo da Praza de Portugal o 4 de maio de 2011, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2011 (exp. nº 79773/210), acordou aprobar a xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público ata tanto non se rematase a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adxudicase a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.

Con data 04 de maio de 2011, o Concelleiro Delegado de Mobilidade asinou un contrato menor de servizos a prol de "INTERPARKING HISPANIA, S.A". En virtude deste contrato (Exp. nº 80201/210/2011), cunha duración de catro meses máximo, dita entidade mercantil prestaría o servizo consistente na realización de actuacións de apoio ao funcionamento ordinario do aparcamento sito na Praza de Portugal . O destinatario das prestacións neste contrato era a propia Administración Municipal, sendo esta quen debía retribuír mensualmente ao contratista polos servizos prestados, con cargo á partida orzamentaria 1330 2270605 por un importe mensual de 5.309,70 € (iva engadido) Asemade, a cláusula 3ª do contrato menor de servizos establecía que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" asumiría provisionalmente o pagamento dos gastos de funcionamento do aparcamento (ex. auga, luz ...), xirando inmediatamente dita facturación ao Concello para o seu reembolso. Dito contrato menor, que finalizou o 04 de setembro de 2011, asinábase ao amparo do establecido no art. 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En data 04 de setembro de 2011, o Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade asina una Instrución autorizando á mercantil "INTERPARKING HISPANIA, S.A" a continuar prestando o servizo nas mesmas condicións que o viña realizando anteriormente, e manifesta que ditos servizos retribuiríanse a través dunha indemnización substitutiva ao abeiro do previsto na base 28ª das de execución do orzamento municipal. Asemade, consta Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012 autorizando á mercantil a continuar prestando os servizos nas mesmas condicións que o ven realizando ata tanto non se adxudique o servizo público referido.

O expediente de adxudicación da xestión do parking estaba pendente dun informe da Xunta Consultiva de Contratación solicitado na data 7 de maio de 2013 non obstante ante o transcurso do prazo razoable para a emisión do mesmo, iniciouse un novo expediente para a adxudicación da xestión do servizo público con numero 429/449 en tramite na actualidade, polo que INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven achegando mensualmente a facturación polos servizos que está a prestar sen cobertura contractual. De non tramitar esta facturación, con arreglo á base 28ª das de execución do orzamento mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que "INTERPARKING HISPANIA, S.A"

ven prestando os servizos en base á Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012.

A FACTURACION e a seguinte :

MAIO 2015

Concepto	Nº factura	Importe	Data entrada	Nº Documento
Funcionamento Ordinario Parking	FE5015000009	5.445,00 €	11/06/15	150080244
Refacturación gastos mantemento/xestión parking	FE5015000010	19.435,96 €	11/06/15	150080246

Con data 16 DE XUÑO DE 2015 , doc. Nº 150080343, Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de MAIO 2015 un total 44.274,43 € (ive engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 24.880,96 € (funcionamento ordinario parking MAIO 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking MAIO 2015 : 19.435,96 €).

Realízanse axustes por importe de 10.370,63 € que se explican no documento de data 16 DE XUÑO DE 2015 que se adxunta o expediente polo que a cantidade que ingresan e 9.022,84 € en vez dos 19.393,47 € que procedería ingresar (doc nº 3)

Segundo consta na certificación asinada polo Tesoureiro Municipal, "Inteparking Hispania S.A", con NIF A60526928 fixo efectivo, mediante transferencia bancaria, o seguinte ingreso en concepto de "recadación aparcamento Praza de Portugal :

MES	IMPORTE	DATA DE INGRESO
MAIO	9.022,84 €	15 DE XUÑO DE 2015

A variación do importe do funcionamento ordinario do parking do prezo que figura no contrato menor de servizos (5.309,70 €) ata (5.445 €) e debido a variación do IVE no mes de setembro de 2012 .

XUÑO 2015

Concepto	Nº factura	Importe	Data entrada	Nº Documento
Funcionamento Ordinario Parking	FE5015000011	5.445,00 €	09/07/15	150092213
Refacturación gastos mantemento/xestión parking	FE5015000012	21.102,09 €	09/07/15	150092214

Con data 15 DE XULLO DE 2015 , doc. nº 150094071 Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de XUÑO 2015 un total 42.101,83 € (ive engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 26.547,09 € (funcionamento ordinario

parking XUÑO de 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking XUÑO 2015 : 21.102,09 €).

Realízanse axustes por importe de 8.334,25 € que se explican no documento de data 15 DE XULLO DE 2015 que se adxunta o expediente polo que a cantidade que ingresan e 7.220,49 € en vez dos 15.544,74 € que procedería ingresar (doc nº 3)

Segundo consta na certificación asinada polo Tesoureiro Municipal, "Inteparking Hispania S.A", con NIF A60526928 fixo efectivo, mediante transferencia bancaria, o seguinte ingreso en concepto de "recadación aparcamento Praza de Portugal :

MES	IMPORTE	DATA DE INGRESO
XUÑO	7.220,49 €	13 DE XULLO DE 2015

A variación do importe do funcionamento ordinario do parking do prezo que figura no contrato menor de servizos (5.309,70 €) ata (5.445 €) e debido a variación do IVE no mes de setembro de 2012 .

As facturas presentadas foron conformadas pola Xefatura do Servizo de Transportes . Considerase que unha vez finalice o servizo deberá efectuarse a regularización da totalidade da facturación .

Con relación ás solicitudes presentadas pola empresa Interparking Hispania S.A relativas a aplicación da compensación debe considerarse o informe emitido polo Tesoureiro Municipal en data 20/03/2012 con relación á solicitude presentada pola empresa o 13/03/2012 (doc. Nº 120028854), compensación que se ven efectuando dende a data :

O Tesoureiro informa que "para que proceda o instituto da compensación, resulta necesaria a concorrencia dun requisito ineludible, como é que a persoa ou entidade debedora sexa ó mesmo tempo acreedora por créditos recoñecidos por acto administrativo ó seu favor. Informa o Tesoureiro Municipal que non existe crédito recoñecido algún a favor da entidade debedora que se atope pendente de aboamento (fases "O" de recoñecemento da obriga ou "P" de ordenación do pagamento), polo que procedería a denegación da compensación presentada."

Non obstante, o Tesoureiro informa que: "(...) non podemos olvidar que, como recorda o Tribunal Económico Administrativo Central ... non parece lóxico, nin acorde cos principios constitucionais de eficacia e os legais de eficiencia e servizo aos cidadáns, denegar unha solicitude de compensación para a que se daban todos os requisitos legais ou, senón se daban, era por un retraso imputable á propia Administración que, en tal caso, debería resolver o procedente sobre o crédito e, acto seguido, sobre a compensación instada. Como consecuencia do exposto con anterioridade, pode resultar procedente a concesión da compensación dun crédito que no momento da solicitude non se atopa recoñecido por non existir un acto administrativo expreso de recoñecemento, como podería ser o caso que nos ocupa. Esta posibilidade aparece máis clara dende a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria na que se recoñece o carácter meramente declarativo do acordo de compensación, de forma que a extinción do crédito producírase no intre no que se cumplan os requisitos para débeda e crédito. Pola súa beira, os artigos 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 11 do Real Decreto 500/1990 consagran o principio do presuposto bruto dispoñendo a prohibición de atender obrigas de pago, mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, polo que

deberán aplicarse os dereitos e as obrigas aos orzamentos do Concello de Vigo polo seu importe íntegro (...)”.

O Tesoureiro Municipal conclúe no devandito informe manifestando que “ (...) debe procederse a tramitar ou rexeitar as facturas presentadas pola mercantil INTERPARKING HISPANIA S.A, isto é, resolver a procedencia ou non do crédito derivado das facturas presentadas pola citada entidade que se atopan pendentes de tramitación polo servizo xestor correspondente, pois parece lóxico ... que previamente á resolución da solicitude de compensación deba resolverse o procedente sobre o crédito (...)”.

Tendo en conta todo o ata aquí exposto, considerase que ao abeiro do previsto na Base 28ª das de execución do orzamento municipal , e coa finalidade de evitar un enriquecemento inxusto para a Administración municipal por haberse efectuado a favor de esta os servizos consignados na facturación achegada , procede aprobar a indemnización substitutiva a favor de INTERPARKING HISPANIA S.A polos servizos prestados de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola empresa DURANTE OS MESES DE MAIO E XUÑO DE 2015 por un importe total de 51.428,05 € e con cargo a partida 1330.2279907 (prestación de servizos parking praza de Portugal) .

Polo exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previa fiscalización favorable do Interventor Xeral, a seguinte PROPOSTA,

PRIMEIRO :Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigación a favor de “INTERPARKING HISPANIA, S.A”, con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citada entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), polo importe total de 51.428,05 € (ive engadido) correspondente a :

MAIO 2015 : 21.880,96 € (funcionamento ordinario parking MAIO 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking MAIO 2015 :19.435,96 €).

XUÑO 2015 :26.547,09 € (funcionamento ordinario parking XUÑO 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking XUÑO 2015 : 21.102,09 €).

SEGUNDO : Instar do órgano municipal competente que o pago da obriga derivada do contido do apartado primeiro e de conformidade cos informes obrantes no expediente realícese mediante compensación .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1077).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR INTERPARKING HISPANIA, S.A., POR GASTOS DE FUNCIONAMENTO E XESTIÓN DO APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL, XULLO DO 2015. EXPTE. 773/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.09.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 4.09.15, conformado pola concelleira-delegada de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos, que di o seguinte:

En base ao disposto no Decreto de Delegación de competencias ditado pola Alcaldía na data de xuño de 2015, inclúense competencias en materia de aparcamentos públicos na Area de Transportes, polo que remítense a este servizo as facturas presentadas por Interparking Hispania SA polos servizos de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da praza de Portugal. Ditas facturas así como o expediente que orixina as mesmas, con anterioridade eran xestionadas na Area de mobilidade, transportes e seguridade .

ANTECEDENTES : Consultados os antecedentes obrantes nos servizos municipais comprobouse o seguinte :

Ante a finalización da concesión para a xestión do parking sito no subsolo da Praza de Portugal o 4 de maio de 2011, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2011 (exp. nº 79773/210), acordou aprobar a xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público ata tanto non se rematase a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adxudicase a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.

Con data 04 de maio de 2011, o Concelleiro Delegado de Mobilidade asinou un contrato menor de servizos a prol de "INTERPARKING HISPANIA, S.A.". En virtude deste contrato (Exp. nº 80201/210/2011), cunha duración de catro meses máximo, dita entidade mercantil prestaría o servizo consistente na realización de actuacións de apoio ao funcionamento ordinario do aparcamento sito na Praza de Portugal . O destinatario das prestacións neste contrato era a propia Administración Municipal, sendo esta quen debía retribuír mensualmente ao contratista polos servizos prestados, con cargo á partida orzamentaria 1330 2270605 por un importe mensual de 5.309,70 € (iva engadido) Asemade, a cláusula 3ª do contrato menor de servizos establecía que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" asumiría provisionalmente o pagamento dos gastos de funcionamento do aparcamento (ex. auga, luz ...), xirando inmediatamente dita facturación ao Concello para o seu reembolso. Dito contrato menor, que finalizou o 04 de setembro de 2011, asinábase ao amparo do establecido no art. 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En data 04 de setembro de 2011, o Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade asina una Instrución autorizando á mercantil "INTERPARKING HISPANIA, S.A" a continuar prestando o servizo nas mesmas condicións que o viña realizando anteriormente, e manifesta que ditos servizos retribuíríanse a través dunha indemnización substitutiva ao abeiro do previsto na base 28ª das de execución do orzamento municipal. Asemade, consta Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012 autorizando á mercantil a continuar prestando os servizos nas mesmas condicións que o ven realizando ata tanto non se adxudique o servizo público referido.

O expediente de adxudicación da xestión do parking estaba pendente dun informe da Xunta Consultiva de Contratación solicitado na data 7 de maio de 2013 non obstante ante o transcurso do prazo razoable para a emisión do mesmo, iniciouse un novo expediente para a adxudicación da xestión do servizo publico con numero 429/449 en tramite na actualidade, polo que INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven achegando mensualmente a facturación polos servizos que está a prestar sen cobertura contractual. De non tramitar esta facturación, con arreglo á base 28ª das de execución do orzamento mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven prestando os servizos en base á Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012.

A FACTURACION e a seguinte :

XULLO 2015

Concepto	Nº factura	Importe	Data entrada	Nº Documento
Funcionamento Ordinario Parking	FE5015000013	5.445,00 €	19/07/15	150107172
Refacturación gastos mantemento/xestión parking	FE5015000014	25.689,45 €	19/07/15	150107173

Con data 21 DE AGOSTO DE 2015 , doc. Nº 150107820, Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de XULLO de 2015 un total 42.436,02 € (ive engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 31.134,45 € (funcionamento ordinario parking XULLO 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking XULLO 2015 : 25.689,45 €).

Realízanse axustes por importe de 6.338,24 € que se explican no documento de data 21 DE AGOSTO DE 2015 que se adxunta o expediente polo que a cantidade que ingresan e 4.971,33 € en vez dos 11.301,57 € que procedería ingresar (doc nº 3)

Segundo consta na certificación asinada polo Tesoureiro Municipal, "Interparking Hispania S.A", con NIF A60526928 fixo efectivo, mediante transferencia bancaria, o seguinte ingreso en concepto de "recadación aparcamento Praza de Portugal :

MES	IMPORTE	DATA DE INGRESO
XULLO	4.971,33 €	19 DE AGOSTO DE 2015

A variación do importe do funcionamento ordinario do parking do prezo que figura no contrato menor de servizos (5.309,70 €) ata (5.445 €) e debido a variación do IVE no mes de setembro de 2012 .

As facturas presentadas foron conformadas pola Xefatura do Servizo de Transportes . Considerase que unha vez finalice o servizo deberá efectuarse a regularización da totalidade da facturación .

Con relación ás solicitudes presentadas pola empresa Interparking Hispania S.A relativas a aplicación da compensación debe considerarse o informe emitido polo Tesoureiro Municipal en data 20/03/2012 con relación á solicitude presentada pola empresa o 13/03/2012 (doc. Nº 120028854), compensación que se ven efectuando dende a data :

O Tesoureiro informa que "para que proceda o instituto da compensación, resulta necesaria a concorrencia dun requisito ineludible, como é que a persoa ou entidade debedora sexa ó mesmo tempo acreedora por créditos recoñecidos por acto administrativo ó seu favor. Informa o Tesoureiro Municipal que non existe crédito recoñecido algún a favor da entidade debedora que se atope pendente de aboamento (fases "O" de recoñecemento da obriga ou "P" de ordenación do pagamento), polo que procedería a denegación da compensación presentada."

Non obstante, o Tesoureiro informa que: "(...) non podemos olvidar que, como recorda o Tribunal Económico Administrativo Central ... non parece lóxico, nin acorde cos principios constitucionais de eficacia e os legais de eficiencia e servizo aos cidadáns, denegar unha solicitude de compensación para a que se daban todos os requisitos legais ou, senón se daban, era por un retraso imputable á propia Administración que, en tal caso, debería resolver o procedente sobre o crédito e, acto seguido, sobre a compensación instada.

Como consecuencia do exposto con anterioridade, pode resultar procedente a concesión da compensación dun crédito que no momento da solicitude non se atopa recoñecido por non existir un acto administrativo expreso de recoñecemento, como podería ser o caso que nos ocupa. Esta posibilidade aparece máis clara dende a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria na que se recoñece o carácter meramente declarativo do acordo de compensación, de forma que a extinción do crédito producírase no intre no que se cumpran os requisitos para débeda e crédito. Pola súa beira, os artigos 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 11 do Real Decreto 500/1990 consagran o principio do presuposto bruto dispoñendo a prohibición de atender obrigas de pago, mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, polo que deberán aplicarse os dereitos e as obrigas aos orzamentos do Concello de Vigo polo seu importe íntegro (...)

O Tesoureiro Municipal conclúe no devandito informe manifestando que “ (...) debe procederse a tramitar ou rexeitar as facturas presentadas pola mercantil INTERPARKING HISPANIA S.A, isto é, resolver a procedencia ou non do crédito derivado das facturas presentadas pola citada entidade que se atopan pendentes de tramitación polo servizo xestor correspondente, pois parece lóxico ... que previamente á resolución da solicitude de compensación deba resolverse o procedente sobre o crédito (...)”.

Tendo en conta todo o ata aquí exposto, considerase que ao abeiro do previsto na Base 28ª das de execución do orzamento municipal , e coa finalidade de evitar un enriquecemento inxusto para a Administración municipal por haberse efectuado a favor de esta os servizos consignados na facturación achegada , procede aprobar a indemnización substitutiva a favor de INTERPARKING HISPANIA S.A polos servizos prestados de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola empresa DURANTE O MES DE XULLO DE 2015 por un importe total de 31.134,45 € e con cargo a partida 1330.2279907 (prestación de servizos parking praza de Portugal) .

Polo exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previa fiscalización favorable do Interventor Xeral, a seguinte PROPOSTA.

PRIMEIRO :Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigación a favor de “INTERPARKING HISPANIA, S.A”, con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citada entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), polo importe total de 31.134,45 € (ive engadido) correspondente a :

XULLO 2015 :(funcionamento ordinario parking XULLO 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking XULLO 2015 : 25.689,45 €).

SEGUNDO : Instar do órgano municipal competente que o pago da obriga derivada do contido do apartado primeiro e de conformidade cos informes obrantes no expediente realícese mediante compensación .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1078).- DAR CONTA EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO. EXPTE. 4520/336.

Mediante escrito de data 8.09.15, en cumprimento co establecido na base 31^a das de execución do rozamento xeral do Concello de Vigo prorrogado para o ano 2015, a concelleira delegada de Xuventude dá conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Xuventude, dende xaneiro ata o mes de xullo de 2015, que son os seguintes:

<i>Núm Expte</i>	4359-336
<i>Descrición</i>	MANTEMENTO MAQUINARIA E APARATAXE
<i>Data decreto concelleira</i>	15/01/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500002484
<i>Importe total</i>	5.000,00 €

<i>Núm Expte</i>	4360-336
<i>Descrición</i>	SEGUROS DEPENDENCIAS XUVENTUDE
<i>Data decreto concelleira</i>	15/01/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500002493
<i>Importe total</i>	3.000,00€

<i>Núm Expte</i>	4361-336
<i>Descrición</i>	OUTROS SUBMINISTROS
<i>Data decreto concelleira</i>	15/01/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500002494
<i>Importe total</i>	6.000,00€

<i>Núm Expte</i>	4365-336
<i>Descrición</i>	DINAMIZACIÓN DA HORTA ESCOLA DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE
<i>Data decreto concelleira</i>	13/02/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500012367
<i>Adxudicatario</i>	B27762681-XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL S.L.
<i>Importe total</i>	13.310,00€

<i>Núm Expte</i>	4367-336
<i>Descrición</i>	MANTENIMENTO CALEFACCIÓN VIGOSÓNICO
<i>Data decreto concelleira</i>	02/02/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500010268

<i>Adxudicatario</i>	B36422905-CELTSENER S.L.
<i>Importe total</i>	3.244,25€

<i>Núm Expte</i>	4381-336
<i>Descripción</i>	PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN MAR DE VIGO
<i>Data decreto concelleira</i>	12/03/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500018920
<i>Adxudicatario</i>	B36898005-KOREMI XESTIÓN DEPORTIVA S.L..
<i>Importe total</i>	19.800,00€

<i>Núm Expte</i>	4383-336
<i>Descripción</i>	SEGURO ACCIDENTES PROGRAMA DINAMIZACIÓN XUVENIL
<i>Data decreto concelleira</i>	18/03/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500020236
<i>Adxudicatario</i>	B36996247-GESTIÓN INTEGRAL DE RIESGOS GALICIA S.L.
<i>Importe total</i>	453,17€

<i>Núm Expte</i>	4390-336
<i>Descripción</i>	MATERIAL PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN XUVENIL
<i>Data decreto concelleira</i>	25/03/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500020899
<i>Importe total</i>	4.000,00€

<i>Núm Expte</i>	4393-336
<i>Descripción</i>	CREACIÓN FERRAMENTA WEB PARA INSCRIPCIÓN CAMPAMENTOS
<i>Data decreto concelleira</i>	12/03/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500018148
<i>Adxudicatario</i>	B15850647-BALIDEA CONSULTING & PROGRAMING,S.L
<i>Importe total</i>	14.740,00€

<i>Núm Expte</i>	4402-336
<i>Descripción</i>	PINTAR LUDOTECAS
<i>Data decreto concelleira</i>	08/04/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500023468

<i>Adxudicatario</i>	<i>B27814144-VIGUESA DE FACHADAS, CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS S.L.</i>
<i>Importe total</i>	<i>4.641,68€</i>

<i>Núm Expte</i>	<i>4403-336</i>
<i>Descripción</i>	<i>PROGRAMA VOLUNTARIADO EUROPEO</i>
<i>Data decreto concelleira</i>	<i>11/05/15</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RCM201500024226</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>G36633394-ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL</i>
<i>Importe total</i>	<i>6.600,00€</i>

<i>Núm Expte</i>	<i>4425-336</i>
<i>Descripción</i>	<i>PUBLICIDADE VERÁN XOVE 2015</i>
<i>Data decreto concelleira</i>	<i>11/05/15</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RCM201500030360</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>B36642148-DESARROLLO GRÁFICO PUBLICITARIO S.L.</i>
<i>Importe total</i>	<i>3.448,50€</i>

<i>Núm Expte</i>	<i>4444-336</i>
<i>Descripción</i>	<i>CAMPAMENTO DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA EN INGLÉS</i>
<i>Data decreto concelleira</i>	<i>10/06/15</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RCM201500038167</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>B27785260-MR. PICKWICK SCHOOL S.L.</i>
<i>Importe total</i>	<i>3.375,00€</i>

<i>Núm Expte</i>	<i>4445-336</i>
<i>Descripción</i>	<i>CAMPAMENTO URBANO DAS TRAVESAS</i>
<i>Data decreto concelleira</i>	<i>10/06/15</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RCM201500038517</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>G36633394-ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL</i>
<i>Importe total</i>	<i>13.000,00€</i>

<i>Núm Expte</i>	<i>4446-336</i>
<i>Descripción</i>	<i>CAMPAMENTOS DE VERÁN BOUZAS E BERBÉS</i>
<i>Data decreto concelleira</i>	<i>10/06/15</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RCM201500038534</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>B36546111-BAIXO MIÑO FORMACIÓN S.L.</i>

<i>Importe total</i>	15.300,00€
----------------------	------------

<i>Núm Expte</i>	4448-336
<i>Descripción</i>	CAMPAMENTO DE VERÁN NO CASTRO
<i>Data decreto concelleira</i>	10/06/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500038535
<i>Adjudicatario</i>	44844142F-DANIELA ALVITE WAISSMAN
<i>Importe total</i>	4.140,00€

<i>Núm Expte</i>	4449-336
<i>Descripción</i>	CAMPAMENTO VERÁN EN GOLETA
<i>Data decreto concelleira</i>	10/06/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500038526
<i>Adjudicatario</i>	36127524K-GABRIEL MALLO RODRÍGUEZ-MERAK NÁUTICA
<i>Importe total</i>	9.000,00€

<i>Núm Expte</i>	4450-336
<i>Descripción</i>	CAMPAMENTO DE VERÁN MARIÑEIRO
<i>Data decreto concelleira</i>	10/06/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500038520
<i>Adjudicatario</i>	36059155P-ADOLFO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
<i>Importe total</i>	3.993,00€

<i>Núm Expte</i>	4451-336
<i>Descripción</i>	CAMPAMENTO VERÁN MÁXICO EN VIGO
<i>Data decreto concelleira</i>	10/06/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500038521
<i>Adjudicatario</i>	B36978138-MEKANÉ DIDÁCTICA S.L.U.
<i>Importe total</i>	6.000,00€

<i>Núm Expte</i>	4452-336
<i>Descripción</i>	CAMPAMENTO VERÁN NÁUTICO NA ETEA E BOUZAS
<i>Data decreto concelleira</i>	24/06/15
<i>Informe Intervención</i>	RCM201500042183
<i>Adjudicatario</i>	B27753373-TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA
<i>Importe total</i>	16.580,00€

Núm Expte	4459-336
Descrición	CAMPAMENTOS DE VERÁN EN SAMIL
Data decreto concelleira	11/06/15
Informe Intervención	RCM201500038929
Adxudicatario	B36952513-GESTION Y ORGANIZACIÓN DE LA FORMACIÓN S.L.
Importe total	13.500,00€

Núm Expte	4460-336
Descrición	CAMPAMENTO VERÁN EN VIGOSÓNICO
Data decreto concelleira	10/06/15
Informe Intervención	RCM201500038924
Adxudicatario	ATLÁNTIC PONTE S.L.U.
Importe total	6.750,00€

Núm Expte	4461-336
Descrición	ACTIVIDADES LÚDICAS CON CANS NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN
Data decreto concelleira	11/06/15
Informe Intervención	RCM201500038957
Adxudicatario	B36894475-RAMALLADAS S.L.
Importe total	10.500,00€

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(1079).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS 2015. EXPTE 4371/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.09.15, dáse conta do informe-proposta da técnico medio de actividades culturais e educación, do 18.08.15, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 27 de marzo de 2015 adoptou o seguinte acordo: Aprobar a Convocatoria específica para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellaría de Xuventude. Concello de Vigo. 2015, cun orzamento de 7.000€ (sete mil euros).

A convocatoria foi publicada en diferentes medios da prensa local así como na sección de información municipal, na web do Concello(vigo.org) e na web de xuventude(xuventudevigo.org). A publicación no BOP foi realizada o día 16 de abril de 2015.

Unha vez rematado o prazo de admisión, presentaron solicitudes de subvención as seguintes entidades:

Nº1.- Asociación cultural Negro Son
Nº2.- Club montañeros celtas.
Nº3.- Asociación benéfica Beiramar
Nº4.- Samuel Leví y los niños perdidos
Nº5.- Asociación xuvenil Xuntanza Xuvenil
Nº6.- Asociación xuvenil Xentenova
Nº7.- Asociación cultural xuvenil Arcadia
Nº8.- Asociación xuvenil do CSCR de Beade

Analizadas pola Comisión de Valoración as solicitudes presentadas e logo de comprobar que reúnen os requisitos establecidos na base quinta apartado 2, así como a correcta presentación e a correspondente documentación aportada, establecida na base décimo primeira das bases de convocatoria ; quedan excluídas polos motivos especificados as seguintes entidades:

- 1.-Asociación cultural Negro Son, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.
- 2.-Club de montañeros Celtas, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.
- 3.-Asociación benéfica Beiramar de Vigo, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.
- 4.-Samuel Leví y los niños perdidos, por non aportar a documentación requirida na base décimo primeira, "grupos de mozos/as", apdo c) de todos os membros do grupo, das bases xerais da convocatoria.

O resto das solicitudes, analizadas pola Comisión de Valoración, cumpren as condicións requiridas nas bases da convocatoria ao respecto dos requisitos e documentación a aportar coa solicitude e proxecto presentados.

E, polo tanto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"1º- Excluir da lista de admitidos ás seguintes solicitudes polos motivos referidos a continuación:

- 1.-Asociación cultural Negro Son, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.
- 2.-Club de montañeros Celtas, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.
- 3.-Asociación benéfica Beiramar de Vigo, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.
- 4.-Samuel Leví y los niños perdidos, por non aportar a documentación requirida na base décimo primeira, "grupos de mozos/as", apdo c) de todos os membros do grupo, das bases xerais da convocatoria.

2º- Conceder unha subvención para as seguintes entidades que a continuación se relacionan coa ponderación correspondente, agás no caso de dúas das entidades (Asociación xuvenil do CSCR de Beade e Asociación cultural xuvenil Arcadia) que lles correspondían por baremo unha cantidade de subvención superior á solicitada nas súas propostas pero decidiuse, na Comisión

de valoración do 29 de xuño pasado, outorgarlles o máximo da cantidade solicitada a subvencionar en cada un dos casos respectivamente:

(As valoracións completas realizadas pola Comisión de Valoración pódense consultar no presente expediente no informe de valoración de subvencións que acompaña a Acta da comisión)

<u>ASOCIACIÓN/GRUPO</u>	<u>Puntos</u>	<u>Subvención</u>
ASOCIACIÓN XUVENIL XUNTANZA XUVENIL CIF: G 36744951 Subvención solicitada: 2000€ Proxecto: campamento creativo estival	7,79	1771,60€
ASOCIACIÓN XUVENIL XENTENOVA CIF: G36636538 Subvención solicitada: 2000€ Proxecto Eixo	7,32	1664,71€
ASOCIACIÓN XUVENIL DO CSCR DE BEADE CIF: G36851806 Subvención solicitada: 950€ Mocidade en Beade	7,60	950€
ASOCIACIÓN CULTURAL XUVENIL ARCADIA CIF: G 27750991 Subvención solicitada: 500€ III Wargame Arcadia	8,07	500€

TOTAL PUNTOS de todas as entidades.....30,78 puntos

COEFICIENTE.....(30,78 puntos/7000€).....227,420 valor/1 punto

TOTAL EUROS A SUBVENCIONAR.....4886,31€

Total que resta.....2113,69€”

Non obstante a Xunta de goberno Local adoptará o acordo que estime máis convinte.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1080).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.